



PROGRAMACIÓN DE NADAL 2023

CENTRO DE VISITANTES DO PARQUE NACIONAL

Este ano queremos invitar aos nenos e nenas a gozar destas festas dun xeito diferente, achegando a riqueza natural e cultural da nosa contorna a través de xogos e obradoiros adaptados ás distintas idades. Animádeos a participar!

Todas as actividades propostas son de balde, tan só están suxeitas ás seguintes condicións de participación:

- Os/as nenos/as participantes terán que ir acompañados dunha persoa adulta responsable, que deberá permanecer no lugar de realización durante a actividade.
- É necesario a inscrición previa nas actividades indicadas. Poderase participar en máis dunha mentres haxa prazas dispoñibles. En caso de que o número de inscricións supere o número de prazas máximo para a actividade, terase en conta a orde de preferencia seguido da orde de inscrición para promover a máxima participación de nenos/as.
- En caso de que finalmente o neno/a non poida asistir á actividade, terase que enviar un correo a centrodevisitantes@iatlanticas.gal ou comunicalo no tlf: 886218082 o día anterior á realización desta, antes das 19 h, co obxecto de poder avisar á seguinte persoa en lista de espera. O feito de non facelo sen causas xustificadas suporá non poder participar na seguinte convocatoria de actividades.

LUGAR DE REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES:

Centro de visitantes do Parque Nacional . Rúa Palma, 4 Vigo



CALENDARIO DAS ACTIVIDADES

22 de decembro 11:30 a 13:30	Adornos de refugallo Os nenos e nenas farán adornos de Nadal con materiais de refugallo: campañas, árbores en miniatura e os renos de Papá Noel decorarán dun xeito diferente, sinxelo e máis sostible as nosas casas. a partir de 3 anos. Nº máximo de participantes: 16. Sen inscrición previa
22 de decembro de 17:00 a 18:30	Obradoiro: Ciencia e maxia Un obradoiro de experimentos de laboratorio centrado na importancia da auga como elemento da vida. Os/as participantes poderán ver cambios de estado, cambios de cor, burbullas, lume, ... e tamén realizarán experimentos de xeito individual e en grupo. De 3 a 6 anos, ambos dous incluídos. Nº máximo de participantes: 25. Con inscrición previa.
23 de decembro de 11:30 a 13:30	Obradoiro: A robótica e o mar A través dos <i>kits educativos de Lego education</i> e sempre mediante traballo colaborativo, realizarase unha actividade de robótica combinada con divulgación científica e medio ambiental enfocada á problemática do lixo, especialmente sobre o que chega ao mar. De 7 a 13 anos, ambos dous incluídos. Nº máximo de participantes: 20. Con inscrición previa.
26 de decembro de 12:00 a 13:30	Xogos de mesa dinamizados Coa axuda do equipo de guías do parque nacional, os nenos e nenas participantes aprenderán, a través de diferentes xogos de mesa, un pouco máis sobre a biodiversidade que nos rodea. Un memory sobre aves, unha oca xigante, un dobre de animais e plantas, un tabú das Illas Atlánticas ou xogos elaborados por rapaces da súa idade son algunhas das propostas. De 4 a 13 anos, ambos dous incluídos. Nº máximo de participantes: 16. Sen inscrición previa.
27 de decembro de 11:30 a 12:30	Xogo medioambiental: Detectives da praia Xogando a detectives, os nenos e nenas coñecerán os tesouros que chegan ás nosas praias, unha actividade de descuberta da riqueza mariña das nosas costas. De 6 a 13 anos, ambos dous incluídos. Nº máximo de participantes: 20. Sen inscrición previa.



<p>28 de decembro de 18:00 a 19:00</p>	<p>Presentación do xogo de rol "Illas das marabillas" O autor fará unha breve presentación do xogo, duns 15 minutos, dirixida ao público asistente, seguida dunha simulación da partida duns 15-20 minutos e rematará cunha rolda de preguntas e un coloquio coas persoas asistentes. A partir de 12 anos. Nº máximo de participantes: 30. Sen inscrición previa.</p>
<p>29 de decembro de 17:30 a 18:30</p>	<p>Obradoiro: Ilumina teu espazo Manualidade científica sobre as illas do parque nacional na que os/as participantes elaborarán un obxecto decorativo (postal, cartel para porta, etc) e lle poñerán luz! Un obradoiro de electricidade manipulativo, no que o obxecto protagonista será un faro, elemento histórico e cultural que forma parte da identidade das illas. Idades: de 7 a 13 anos, ambos dous incluídos. Nº máximo de participantes: 20. Con inscrición previa.</p>
<p>30 de decembro de 11:30 a 13:30</p>	<p>Obradoiro: As cores das illas Una sesión sensorial na que os/as participantes experimentarán con obxectos de diferentes materiais, formas, texturas e cores, na que coñecerán as distintas cores que existen, as que vemos e por que e as relacionarán coas cores das paisaxes das illas...e sobre todo, haberá unha parte de manualidade: mensaxes secretas! Idades: de 3 a 6 anos, ambos dous incluídos. Nº máximo de participantes: 25. Con inscrición previa.</p>
<p>4 de xaneiro 2 sesións: de 11:00 a 12:00 de 12:30 a 13:30</p>	<p>Obradoiro: Doces mariños Con este obradoiro xa tradicional, os/as participantes decorarán galletas para a noite de reis, con formas de especies mariñas, das que ademais descubrirán as súas particularidades: onde viven, de que se alimentan, curiosidades...unha forma divertida de achegar aos nenos e nenas á biodiversidade mariña das illas. Idades: de 5 a 12 anos, ambos dous incluídos. Nº máximo de participantes: 12 por sesión. Con inscrición previa.</p>

INSCRICIÓN PINCHANDO AQUÍ

